

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter ordinario no Pazo provincial ás 10:55 h do día 19 de decembro de 2025, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. ROBERTO JOSÉ ÁLVAREZ CARRERO**, en substitución de D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, **D.ª BELÉN CACHAFEIRO ANTA**, en substitución de D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA**, **D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ**, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO**, **D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO**, **D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA**, **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN**, **D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ**, **D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ**, **D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ**, **D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, **D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN**, **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 21 de novembro de 2025.

2.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2025 Á SOCIEDADE CORAL POLIFÓNICA DE PONTEVEDRA (Expte. 2025003909)

O presidente dá conta da acta do xurado do Premio Otero Pedrayo 2025, do que as bases saíron publicadas no BOPPO núm. 45, de 6 de marzo de 2025 cunha dotación económica de dezaseis mil euros (16.000,00 €), segundo as disposicións do regulamento correspondente, coa concesión do mesmo á Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra e cuxo resumo lido en público no acto de entrega nesta mesma Deputación é o seguinte:

Na Sala de Xuntas da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as dez horas e trinta minutos do día trece de novembro de 2025, reúnese o xurado do "Premio Otero Pedrayo 2025" baixo a presidencia de D. Anxo Manuel Lorenzo Suárez, por delegación do Presidente da Xunta de Galicia e coa asistencia do vicepresidente D. Luís López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra e dos seguintes vogais:

D. Valentín García Gómez, por delegación do Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude; Dona Natividad de Jesús González Rodríguez, en representación da Deputación da Coruña; Dona Iria Castro Fernández, en representación da Deputación de Lugo; Don César Manuel Fernández Gil, en representación da Deputación de Ourense; D. Jorge Cubela López; en representación da Deputación de Pontevedra; Dona María del Pilar Murias Fernández, en representación da Universidade de Santiago de Compostela; D. Alfonso Caride Losada, en representación da Universidade de Vigo; D. Manuel Ferreiro Fernández, en representación da Universidade da



Coruña; Dona Fina Casalderrey Fraga, en representación da Real Academia Galega; D. Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, en representación do Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”; D. José Eduardo López Pereira, en representación da Fundación Otero Pedrayo; D. Luis González Tosar, designado pola Xunta de Galicia; Don Manuel Pena Villar, designado pola Deputación da Coruña; D. Xosé Brais García Fernández, designado pola Deputación de Lugo; D. José César Llana Rodríguez, designado pola Deputación de Ourense e D. Antonio Santos Guerra, designado pola Deputación de Pontevedra.

Asiste como secretario e da fe do acto Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

A continuación toma a palabra o presidente do xurado para preguntarlles ás persoas membros do mesmo se teñen vontade de presentar neste intre algunha candidatura, facendo uso da previsión contida na base 3.2 das reguladoras da convocatoria.

A continuación sométense a votación secreta todas as candidaturas e o resultado é o seguinte:

PROPOSTAS PRESENTADAS E ADMITIDAS	VOTOS OBTIDOS
<i>Domingo Blanco Pérez</i>	<i>0 votos</i>
<i>Asoc. Amigos do Museo Casa do Patrón</i>	<i>0 votos</i>
<i>Editorial Galaxia, S.A.</i>	<i>2 votos</i>
<i>Antón Santamarina Fernández</i>	<i>6 votos</i>
<i>Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra</i>	<i>10 votos</i>

Unha vez comprobado o resultado da votación, o presidente do xurado procede a proclamar a candidatura proposta pola Deputación de Pontevedra, que é a Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, como a gañadora do Premio Otero Pedrayo 2025.

3.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA O ANO 2026 DO PROGRAMA “CULTUREA” DE APOIO Á PROMOCIÓN CULTURAL DE AGRUPACIÓNS OU ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte. 2025078816)

O presidente dá conta das bases reguladoras do programa “Culturea”, de apoio á promoción cultural de agrupacións ou asociacións da provincia de Pontevedra, aprobadas pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do 12 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 240, de 16 de decembro de 2025. Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria para 2026 do programa “Culturea” e regular os criterios de concesión das solicitudes de actuación de grupos con cargo ao programa que se desenvolverán na provincia ao longo do ano.



Poderán solicitar a inclusión no catálogo “Cultorea” de grupos, artistas e compañías de todas aquelas manifestacións artístico-culturais que teñan o seu domicilio fiscal na provincia de Pontevedra e que se inclúan nas categorías recollidas nas bases. A Deputación de Pontevedra retribuirá aos grupos cada actuación autorizada e realizada con cargo a este programa, ata un máximo de 14 anuais, de acordo aos importes máximos recollidos na base sétima, debendo o resto do importe do caché, de ser o caso, aboalo a entidade solicitante da actuación.

As entidades beneficiarias das actuacións, serán agrupacións ou asociacións sen fins de lucro legalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente ou as entidades locais menores da provincia de Pontevedra. As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de 15 días naturais con respecto á data de realización da actuación e a concesión das actuacións estará suxeita aos criterios de adxudicación establecidos nas bases e á dispoñibilidade orzamentaria, convocándose con cargo á aplicación 26/330.3340.226.29 cun importe total de 1.200.000,00 €.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 11:00 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

